

# FARO DA CULTURA

nº 209 • Xoves, 31 de maio de 2007

Coordina: Xosé Ramón Pena

Cúmprese arestora o 25º aniversario de *Blade Runner*, unha das películas de ciencia ficción máis relevantes de todos os tempos. Tamén se cumpren 25 anos da morte de Philip K. Dick, autor de *Soñan os andróides con ovellas eléctricas?*, a novela na que se basea o film. O novelista morreu catro meses antes da súa estrea. Certamente, hai que dicir que a débeda de *Blade Runner* co libro é mínima, pois só toma empréstados uns poucos conceptos e personaxes. Calquera que acuda á novela en busca da maxia da película verase gravemente desencantado. A historia escrita por Philip K. Dick xira en torno ao comercio de animais andróides, utilizados no futuro para reparar o sentimento de culpa que ten a xente por ter extinguido da Terra aos animais reais. Film e novela só coinciden en que en ambos os casos o protagonista debe capturar andróides humanos ilegalmente importados do planeta Marte.

## Correndo co *Blade Runner*

✿ CARLOS FREIRE

Philip K. Dick é un dos autores de ciencia ficción máis adaptados ao cine, con películas como *Desafío total* (Paul Verhoeven, 1990), *Minority Report* (Steven Spielberg, 2002), *Paycheck* (John Woo, 2005) e a recente *A Scanner Darkly* (Richard Linklater, 2006). A obra mestra de Philip K. Dick é sen dúbida *Ubik*, unha novela que semella escrita por un Borges paranoico na que o lector deixa de facer pé na realidade para penetrar no imaxinativo mundo do autor. Pero volvamos ao *Blade Runner* de Ridley Scott.

Los Angeles, ano 2020. A cidade é un inferno que esmorece baixo as tebras. A chuvia ácida cae sen descanso mentres naves publicitarias cruzan os ceos anunciando a vida nas colonias como “unha dourada terra de oportunidades”. A maioría dos habitantes da Terra fuxiron ao espazo, quedando só os insurrectos. Nesta sociedade atópanse infiltrados os replicantes, criaturas xenéricas, compostas por substancias orgánicas, que se utilizan para traballos no espazo e que non poden pisar a Terra baixo pena de destrución. Recentemente a corporación Tyrell presentou os Nexus 6, uns replicantes máis fortes e rápidos que os humanos, practicamente indistinguibles destes, pero cun mecanismo de seguridade que non lles permite vivir máis aló de catro anos. Posúen implantes artificiais de memoria. Os membros dun equipo de combate de Nexus 6 fuxidos dunha colonia sideral atópanse na cidade e fanse pasar por humanos. O ex-policía Deckard (Harrison Ford), da brigada de *Blade Runners*, debe localizar e “retirar” estes replicantes.

Aínda que ten varias interpretacións, a película (polo menos a de 1982, non a posterior montaxe do director) xira sobre dúas ideas: a



liberdade e a vida. O replicante Roy Batty (Rutger Hauer) é un escravo proscrito na Terra que quere coñecer ao seu creador para vivir polo menos tanto como os seus amos humanos. “Quero mais vida, pai!”, pídelle Batty ao propietario da Corporación Tyrell (Joe Turkel), quen lle responde: “A luz que brilla co dobre de intensidade dura a metade do tempo, e ti brillaches con moita intensidade, Roy”. Deckard tamén é un policía escravo da súa condición, pois non pode deixar de selo. Batty dille ao final da película: “Vivir con medo... iso é o que significa ser escravo”.

Entre o *Blade Runner* estreado en 1982 e a película presentada dez anos despois como a montaxe do director hai escasas diferenzas, pero a substancia do film cambia por completo. Ridley Scott eliminou a voz en off do narrador e o final feliz, inxerindo asemade unha escena clave, a do soño de Deckard no que aparece un unicornio. Dado que ao remate da cinta o inspector Gaff (Edward James Olmos), afeccionado a facer origamis, deixa un unicornio de papel no chan, á entrada do apartamento de Deckard, estalle dicindo ao *Blade Runner* que el tamén é un replicante, xa que coñece os seus soños (son recordos implantados). Este era o proxecto inicial de Ridley Scott para o film. Harrison Ford pelexou co director para converter en humano ao protagonista: “Opúxenme porque sentía que o público necesitaba alguén con quen conxeniar”. A produtora cambiou o final. Ambos os dous estaban no certo.

## Memoria de replicante

✿ CONVERSA CO DIRECTOR DE CINEMA JACOBO PAZ / Páx. III

✿ ARTE: CORES DE ÍTINERE, DE MENCA ESTÉVEZ / Páx. VI

✿ SIHÁ: ALTERNATIVA MERCEDES PEÓN / Páx. VIII



# Copias chinesas

Había unha vez un imperio especializado na fabricación de fermosas vai-xelas feitas dun material livián, e sorprendentemente delicado e forte, chamado porcelana. Os segredos da súa beleza estaban gardados polo emperador que castigaba coa morte calquera procura de intromisión e revelación dos seus misterios. Un día comerciantes holandeses capturaron uns buques con té e descubriron nas adegas un lastre de luxo: porcelana chinesa que venderon con tanto éxito que artistas e científicos se adicaron a produci-la, pero non foron capaces de descubrir os seus misterios.

Os holandeses apoderáronse dun produto importado caro e de calidade e intentaron copialo sen unha tecnoloxía axeitada. Os ceramistas de Delft no século XVII conseguiron producir unha cerámica de gres que se asemellase á porcelana da China. Mais Europa non foi capaz de copiar a porcelana ata o século XVIII. Hoxe nos Países Baixos pódense mercar imitacións da cerámica holandesa fabricada en China.

A fascinación de Europa pola seda tamén foi espectacular. Ningún xénero podía competir coa seda chinesa, todos semellaban vulgares e rudimentarios. Nada igualaba a textura, lonxitude e fermosos deseños orientais. A ruta da seda ten unha historia envolta pola fascinación da conquista do exótico alimentada en ambos os sentidos do seu destino. No ano 140 a.C. o emperador Han Wudi enviou ao xeneral Zhang Qian a indagar o motivo da gran demanda de seda dos bárbaros do norte. O xeneral descubriu que os excedentes se vendían aos pobos centroasiáticos e estes vendíanllos, á súa vez, aos meso-

*Afastado/Próximo Oriente*

MARCELA SANTORUN

potámicos os cales, ao tempo, engaiolaban aos romanos.

Aínda que a ruta trocou de percorridos e protagonistas, a seda sempre foi o máximo valor e as súas pezas chegaron a ter forza monetaria. Pero a seda non só foi un referente económico, de poder e estatus, os deseños portaban tamén unha plusvalía simbólica como elemento estético. Os árabes estenderon a sericultura polo Mediterráneo a partir do século IX. Logo pasou a Italia, que

se fixo famosa polo seu refinamento. Hoxe os chineses copian con absoluta fidelidade as obras dos modistos italianos ou os zapatos que comercializan nas súas caixas e bolsas de veludo. Estas copias prodúcense en tres niveis que oscilan entre a ordinaria e a réplica exacta. Europa tardou moito tempo en conseguir a tecnoloxía para copiar con fidelidade a porcelana, a seda, a laca, o papel, a imprenta ou a pólvora.

Hoxe os empresarios occidentais ven na China un destino atractivo para o seu capital. Os traballadores chineses son teimosos e eficientes e moi aforradores. O desenvolvemento económico cos seus ciclos debuxa perfís diferentes para cada sector involucrado. Mentres que en Occidente temos unha mocidade desalentada, agobiada polo paro, e con problemas de baleiro existencial, os estudantes chinos rebosan enerxía, son entusiastas e cren no futuro. Os enxeñeiros están motivados e dispostos a facer longas xornadas de traballo e os universitarios ansían incorporarse á enxeñería e as ciencias aplicadas. No ano 2006 China colocou no mercado 32.500 enxeñeiros. En Estados Unidos a cifra descende dende 1980 e é cinco veces menor, e o 40 % que comeza a carreira, abandónaa. Os produtos chineses son coma un exército colonizador que chega ao centro das economías e multiplica os seus tesouros.

China séntese presente en todos os recantos. Nos mercados en Galicia os seus produtos son cada vez son máis numerosos. Ted Fish transmite moi ben esta sensación no seu libro sobre China cando di: "o mundo faise pequeno a medida que China medra".

COMO SINALA CON ESPECIAL  
LUCIDEZ TED FISH,  
ACONTECE QUE O MUNDO  
SE FAI PEQUENO A MEDIDA  
QUE CHINA MEDRA

## A avenida da seda

O barón Ferdinand Von Riehtofen foi un xeógrafo alemán que entre 1868 e 1872 viaxou por China e bautizou co nome de "Ruta da Seda" aquel itinerario que uniu Oriente co Occidente. Ningún nome como a Ruta da Seda evoca con máis éxito a excitación do viaxeiro fronte ao exotismo das mercancías e a paisaxe. Pero todo este romantismo esvae hoxe ao chegar á Avenida da Seda en Pekín. Este lugar, inaugurado en 1984, agrupa 147 empresas e é un dos destinos turísticos máis visitados da cidade. Hai alí unha grande afluencia de comerciantes que adquiren réplicas das mellores marcas. Reloxos, bolsos, gafas, plumas, chisqueiros, chaquetas de pel... todo o que o comprador desexe.

Os chineses protexían os seus produtos coa mesma teima con que o fan as empresas modernas. A fabricación de réplicas falsas suministra ao mercado interior moitos produtos de primeira necesidade: medicamentos e dispositivos médicos, produtos escolares ou ropa, e as medidas sancionadoras repercuten sobre a súa poboación. O castigo só é a confiscación de produtos. As falsificacións moven anualmente 250.000 millóns de dólares e 80.000 son para Vhina. Eles producen centenas de pezas de todos os sectores industriais, dende compoñentes de electrodomésticos ou ordenadores até satélites. O economista e asesor internacional Jeffrey Sachs di que para o 2050 a economía de China pode chegar a ser un 75% superior á americana.

## ENTREVISTA

Como xurdiu a colaboración coa Asociación de padres y familiares de personas con discapacidade intelectual (ASPRONAGA) d'A Coruña, que desembocou na gravación de *Sanatorio*?

-Naceu a través de Elena Álvarez, a educadora social que traballa no club de lecer da asociación. Ela tiña ao seu cargo un grupo de rapaces con discapacidade intelectual; uns con necesidades diferentes dos outros, dependendo do nivel de autonomía. As actividades que realizaban interesábanlle menos aos que tiñan maior autonomía, de aí que solicitaran propostas acordadas coas súas

- *Sanatorio* gravouse nun só día nas instalacións de ASPRONAGA. Como resultou traballar con tan pouquiños medios?

-Dende o principio, tiñamos claro que *Sanatorio* era un proxecto que xurdira como unha actividade para o propio club da asociación e, nese sentido, todos participamos para que se puidera facer. Non tivemos ambicións de tipo artístico; o principal obxectivo foi sempre que os rapaces aprendesen e coñecesen como se fan este tipo de traballos. E na medida en que isto se cumpríu, sentímonos satisfeitos. Todo o que veu logo a maiores é un regalo.

COIDO QUE O MELLOR DO PROXECTO FOI COÑECER A TODA A XENTE QUE PARTICIPOU NEL”

- Como foi o labor cos rapaces durante a gravación e a relación entre todo o equipo?

-Para todos resultou moi positivo. Sobre todo, porque axiña descubrimos que todos temos preconceitos de como pode ser a xente pero, ao final, o importante son as persoas que hai detrás desas etiquetas que nós poñemos. Coido que o mellor do proxecto foi coñecer a toda a xente que participou nel.

- Por que decidiu pendurar a curtametraxe no netlabel d'A Regueifa ([www.aregueifa.net](http://www.aregueifa.net))?

-Eu coñecía a páxina d'A Regueifa como ou vinte, porque é un sitio onde se pode escoi-



Jacobo Paz

“Non houbo ambicións artísticas; o obxectivo foi ensinar aos rapaces”

“Cando alguén enferma até esquecer quen é, como pode recuperar a súa identidade?” Tan inquietante cuestión resume o argumento de *Sanatorio*, a última curtametraxe de Jacobo Paz, coa que os rapaces da asociación ASPRONAGA d'A Coruña puideron mergullar a eito no mundo audiovisual

NATALIA ÁLVAREZ

habilidades e capacidades, entre elas algunha relacionada co cinema. Elena púxose en contacto conmigo e comentoume a posibilidade de facer unha curtametraxe con este grupo de rapaces. A partir dese momento, puxémonos a traballar para conseguir o material e a xente necesaria para levar a cabo o proxecto, do que naceron *Sanatorio* e *Masacre*.

- Cal foi o grao de implicación e participación dos rapaces?

-Participaron activamente, dende o principio deica ao final. Cando vimos que era posible levar adiante o proxecto dende o punto de vista técnico, reunímonos con eles para que me contasen que tipo de historias querían facer. Dixéronme que estaban interesados en participar como actores en historias de terror ou de intriga, porque ese era o tipo de cine que lles gustaba. Logo desa reunión escribín dous guións: *Masacre* e *Sanatorio*. A primeira curta que se gravou foi *Masacre*. Foi producida e dirixida por Juan de Oliveira, e subvencionada pola Consellería de Cultura. A experiencia foi moi positiva, así que despois levamos adiante a historia de *Sanatorio*, máis pequena e máis sinxela.

- Foi doado atopar xente que se involucrase no proxecto?

- Todos os que participaron -Juan de Oliveira, Jesús Cao, Marcos Rodríguez,... - teñen relación co medio audiovisual en maior ou menor medida e, a partir dese feito e máis do seu interese polo propio proxecto, fóronse incorporando, entre outras cousas, porque son amigos entre eles.

tar e descargar de balde música feita en galego. Atopei temas de Fanny+Alexander e Instiga que consideraba que podían encaixar neste proxecto, así que me puxen en contacto cos membros deses grupos para solicitar o seu permiso e poder incorporar así a música á banda sonora da curtametraxe. Dende o primeiro momento non puxeron ningún problema; todo foron facilidades e parecelles moi ben o espazo no que queríamos incluír ese traballo. Unha vez feita a curta, comentáronme a posibilidade de que se pendurase no netlabel para que a puidese ver a xente, e a min pareceume o máis lóxico que na páxina na que colaboraron con nós, nós puideramos colaborar con eles, ofrecéndolles contidos.

- Ademais de guionista de cinema e televisión, vostede é dramaturgo. Que lle aporta cada medio?

-A min o que me interesa é contar historias que poidan interesarlle aos demais. En función diso, o medio non é tan importante como o contido.

- E á hora de plasmar esas historias, é máis doado facelo a través dunha curta ou enriba dun escenario?

-Creo que depende das persoas das que te rodees e do tipo de proxecto que esteas intentando levar a cabo. Neste caso, coido que foi todo moi fácil porque todo o mundo viu moi claro cal era o obxectivo real da proposta. Ás veces hai proxectos nos que a xente pretende engordar o seu ego, pero neste caso non pasou tal. A xente mostrouse moi receptiva canto a participar e por iso foi tan doado levalo adiante.


## De premios

*Con liñas invisíbeis*

ROMÁN RAÑA

Os premios Minerva alcanzaron no 2006 a súa XXXIVª edición. Ao longo destes máis de tres decenios podemos atopar, entre a nómina de gañadores, un número importantísimo de escritores galegos hoxe consagrados que se deron a coñecer nos anos xuvenís con esta distinción. Milagre dentro doutro milagre, a literatura galega vaíse nutriendo a cada curso de novos valores que encarnan unha frescura sen complexos, unha vitalísima razón para escribir. Asombra, desde hai tempo, a magnífica calidade dos textos recompensados, confirmando en cada entrega o altísimo nivel literario que alcanzou.

Este ano o prólogo correu a cargo de Lois Diéguez, que fai un emocionado retrato do seu mestre, Manuel María e que saúda os escritores mozos con patrióticas palabras de alento. Na continuación podemos ler os poemas gañadores de Iria Gestoso Ríos. Son ela, fermosa disquisición sobre os límites do eu na pel da poetisa: "Podería resignarse, mais ela sempre bica as nubes"; logo os de Gabriela Abelenda Alonso, máis directamente sentimentais, onde se fala do unicornio azul e dun sentimento amoroso que excede toda escrita; des-



pois temos as composicións de Brais González Pérez, onde percibimos o perfume de

Cunqueiro e a pegada de Ferrín en ben construídos poemas; a seguir temos os versículos de Darío Fernández Fernández, discursivos, irreverentes, fortemente conceptuais. Seguidamente temos tres poemas de Carlos Calvo Varela onde distinguimos a violencia xenésica de Lupe Gómez e marcas de Vallejo ben asimiladas. Finalmente Lidia Montes Camiño tamén practica o versículo, con longas digresións sobre o ser humano.

No campo da narrativa, o primeiro premio foi para Triana Doce Palmieri, con *Escintileos*. Trátase dunha fermosísima trama urdida ao redor da polisemia da palabra liña e de dous planos que se entrecruzan: o das figuras dunha pintura e o da realidade dun suposto protagonista. Andrés Meixide González, con *Eterna prisión de carballo*, aborda o tema do enterrado vivo, cuxo final non desvelaremos. Alberto Cea Duro propón, en *A ollada translúcida*, a historia dun feto. Olalla Tuñas Martínez, con *Area nas unllas*, tamén percorre a ambigüidade dunha muller que ama e que acaba así: coa area nas unllas.

VV.AA. *Premios Minerva, 2006*, Ed. Galaxia/Colexio Peleteiro, Vigo, 2007, 103 páxinas.

## Libro vivo

*O vizo da escrita*

MARGA ROMERO

Coñecemos esta escritora pola novela *Canícula*, galardoada co Premio de Novela Curta Manoel Riveiro Loureiro, publicada pola Editorial Sotelo Blanco. *Fanerógama* é o seu primeiro poemario publicado dentro da Colección de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, na que teñen cabida os libros que conseguen este xa consolidado premio literario.

"Son un soño son un río son un animal de cortiza onírica son un/cuadrilátero son o delito eu son a culpa"

Estas son as palabras que abren o libro, despois do prólogo de Baldo Ramos, e seguen poemas non moi extensos que se achegan á prosa poética nalgunhas ocasións e que debemos ler e rler demoradamente. O poemario divídese en dúas partes diferenciadas graficamente, nunha primeira parte, ofrécesenos o que podemos entender como as razóns dunha poética, a través de 6 poemas e o texto arriba indicado: "E eu, inxenúa, / coa poesía a voltas, / instalada na crenza do seu poder curativ, / ilimitado, /". A segunda parte, 55 poemas, envólvese ao redor do título, "Confeso a respiración, respiro". Estamos diante dunha voz orixinal e este libro



provócanos o gozo literario e a reflexión poética, xa que cada poema invita a que nos mergullemos no universo da palabra recreada, palabras de sempre durmidas que agora se arrolan en novos versos nos que desde un eu poético hai unha fusión coa paisaxe sen límites, sen fronteiras, unha fusión entre os elementos vexetais, animais e atmosféricos, nos que alenta o

corpo desde o que se escribe, nos que si, ás veces, deixase ver esa man da destrución, cando no fondo do texto xorde África, a matanza das focas, a morte do mar ou a guerra. A poeta ofrece unha tripla doazón como se recolle no primeiro poema do libro: "Doar sangue", "Doar a palabra" e "Doarme" e con este texto emparenta co discurso que Rosalía de Castro nos deixaba dito no seu poema "Silencio". *Fanerógama* é desde o seu título un libro vivo, no que as palabras renovan unha linguaxe poética, repetimos orixinal e que merece ser atendida, desde a que se volve proclamar a soidade, "reduplicatio de nós sos", como no mellor poema de Manuel Antonio. Un libro no que aboia a "sede de paisaxe e de palabras/ ou as seitura da memoria dúctil". Unha nova voz, herdada da experiencia e das palabras revividas en fermosas metáforas, desde as que ás veces tamén se nos transmite a dor, xa que na creación tamén se observa "o parto de seres monstruosos" e todo parto está unido á dor. "Voz fanerógama: / Fecunda, fértil, / Esfameada e febril, / De lascivia táctil, / De órganos femininos e poderosa polinización. / Voz que transporta o pole e / Madura a mellor semente."

PÉREZ REI, Mariña, *Fanerógama*, Ed. do Castro, Sada, 2007, 93 páxinas.

## Escasez de sorpresas

*Desde o "soño americano"*

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

O escritor Francisco Álvarez reside en Nova York, onde realiza labores culturais no eido da literatura hispanoamericana, e é autor dunha abundante obra poética en galego e castelán. Esta colección de dezaioito relatos breves, que recollen historias da emigración, supoñe a súa primeira incursión na narrativa.

A obra incide nos aspectos menos fotoxénicos do soño americano: a miseria económica e espiritual, a hipocrísia, a explotación dos estranxeiros, a loita sen cuartel pola supervivencia, o mercantilismo máis desapiadado... Tamén nos vínculos coa terra e na xustiza. No corazón podre da Gran Mazá é posible que un rapaz morra devorado polas ratas mentres os animais de compañía gozan de funerais de luxo ou almorzan, a plato servido, en restaurantes onde non se lles permite a entrada a moitos homes. Para as xentes de variada procedencia que acoden á cidade en busca de oportunidades, o éxito só parece estar ao alcance de quen renuncia aos escrúpulos e á integridade moral: "A vida en Nova York é máis fácil para os ignorantes e tamén para os lambecús". Velaí o irlandés que falsifica sen pudor a súa biografía e chega a embaixador laureado; os camareiros que, por congraciarse co seu xefe, arroxa cruelmente á rúa un vello vagabundo morto de frío; ou o prototipo do emigrante avaro, bruto e desaprensivo, que amasa a súa fortuna á costa do sufrimento alleo e que, cando retorna a Galicia, é recibido cos brazos abertos por banqueiros e caciques, coma un grande triunfador. Xunto a eles, feridos de morriña, loitadores antifrancistas, traballadores ilegais, tipos pintorescos e outros "refugallos da vida que deambulan, perdidas a razón e a dignidade, polas rúas neioirquinas", son rescatados das sombras e convírtese en protagonistas destes relatos, herdeiros dos clásicos "contos de indios" e baseados, con frecuencia, nas experiencias reais dos que se atopan "na vertixe espiral da emigración, condenados á nostalgia".

O autor semella ter moi claras as súas simpatías e antipatías, así como unha solidaria conciencia, sensible aos heroísmos cotiás. Sen embargo, na miña opinión, o estilo narrativo -repeticións léxicas, anécdotas magnificadas, tópicos- desmerece o valor do conxunto, escaso de sorpresas.

ÁLVAREZ, Francisco, *Ratas en Manhattan*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 116 páxinas.



## LIBROS

## Palabras e imaxes

## O ruído do sangue

ARMANDO REQUEIXO

A de Rubén Ruibal é unha traxectoria teatral alentada pola paixón e alicerzada no trato estreito co mestre Roberto Vidal Bolaño, con quen colaborou ao longo dunha década e na compañía do cal, Teatro do Aquí, aprendeu con proveito armas do oficio que logo o levaron a formar, xunto con Carlos Losada, a súa propia compañía, Teatro Cachuzo, coa que puxo en escena varias pezas propias (*Fume*, 2000, e

mención humorística, un sorriso agre que beirea no desencanto do inevitable, un fatum que nos envolve e fronte ao cal só resta a retranscra, mesmo por veces o sarcasmo. E isto dende o propio título, acabado exemplo de aequivoatio, pois na obra conviven as miserias dialíticas coas extorsións mafiosas do inmobiliario, todo adobiado cunha mestura moi ben empastada de mundos complementarios como o marxinal drogodependente, o corrupto policial e incluso o dilemático e dubitante médico.

trallazos de luzada os espazos da ficción, os rostros do espectáculo, tamén si as físgoas interiores polas que supura o amargor e o desencanto e, en dirección contraria, escoa a fidelidade amigable e a esperanza que, incesantes, tentan varrer tanto neboeiro como abafa o futuro dos protagonistas.

Ruibal, actor de dilatada experiencia, sérvese dunha técnica dialogal depurada, onde cada personaxe se expresa de acordo coa variedade diastrática e diafásica que por circunstancia e ocasión lle corresponde. De por parte, é tamén a súa a escenificación tráxica dun choque de mundos onde a loita por (sobre)vivir cobra sentidos diverxentes que nos arrastran a repensar as falsidades da escala de valores neoburguesa, tantas veces enzoafada nos baixíos do superfluo.

NOTACIÓNS  
ESCÉNICAS  
CUNHA PROSA  
DÚCTIL,  
PLÁSTICA ATA O

EXTREMO

Alén do dito, a profusión de escenarios e personaxes, así como o sutil entrefiado de sucesos e seres que cruzan e amalgaman o destino das súas peripécias vitais, fan desta *Limpeza de sangue* unha peza de lograda orquestración estrutural, cunha disposición secuenciada en trinta e un treitos escénicos alternantes que funciona moi ben e vai conducindo a acción cara a un final intuído pero nunca desvelado, suxerido na inminencia da traxedia que ha de sobrevivir, aínda que non saibamos como nin cando.

Rubén Ruibal –amo de casa e agricultor a tempo parcial, segundo propia confesión– ten o talento de facer crible un teatro de palabras e imaxes. A valía da súa obra merece que a vida lle esixa maior dedicación literaria. A sociedade saíría gañando, a cultura da nación nosa tamén, por descontado.

RUIBAL, Rubén, *Limpeza de sangue*, Ed. Xerais/Xunta de Galicia, Vigo, 2007, 170 páxinas.

## Intención combativa

## A voz dun poeta alófono

RAMÓN NICOLÁS

Cúmprese con esta publicación un vello dezoito dos diversos seguidores da palabra do poeta alófono en lingua galega Gregorio San Juan, escritor e publicista nado en Palencia aínda que vivira a maior parte da súa vida a cabalo entre Barakaldo e Bilbao. Ese dezoito consistía na posibilidade de dispor, nun único volume, da totalidade da súa voz, da súa auténtica voz, en lingua galega. Do autor, e da súa obra máis relevante até o de agora recollida en *Poemas descabados* (2005), xa tiveramos ocasión de nos ocupar nestas mesmas páxinas do FARO DA CULTURA hai algún tempo e saudáramos con satisfacción a devandita aparición, pois chamara a nosa atención á súa sorprendente, por sincera e intensa, poesía en lingua galega. Ao tempo, San Juan tamén está de actualidade por terse publicado hai pouco o que foi o seu primeiro libro póstumo: un interesante volume, publicado na editorial bilbaína Beta, que compila dezoito ensaios da súa autoría baixo o título de *Quodlibetales. Ensayos sobre literatura y pensamiento* (2006).

A súa obra galega, integrada noutra global de resonancias clásicas, intención combativa e

BRA DE TÍTULO  
AFORTUNADO, CON  
VERSOS NA MELLOR  
DAS TRADICIÓNS DA  
POESÍA CIVIL

dicción contemporánea, que pasaba pola expresión castelá na súa maior parte, pero tamén escrita en catalán ou en latín, cifrábase nun total de doce composicións poéticas, número que se ve agora aumentado nestes *Trece poemas galegos e outras páxinas* que ven a luz mercé tanto á xenerosidade da benemérita editorial que dirixe Sabino Torres –Hipocampo Amigo– como ao inveterado e decidido interese de publicar a obra do escritor plurilingüe que desde hai ben anos manifesta e leva a cabo o profesor Alonso Montero, autor dun traballo definitivo sobre o autor que viu a luz no ano 2005 na revista *Letras de Deusto* e responsable, aquí, tanto da nota preliminar como

do informativo epílogo no que se inclúen catro apéndices con diversas achegas textuais: unha bibliografía en galego, comunicacións e poemas do autor e algunhas notas sobre a influencia de Curros en San Juan. Así pois, alén da decena de textos xa coñecidos polos lectores galegos, arestora engádense outros que non resultan carentes de interese pois agrandan a súa presenza como autor alófono en galego: velaí o poema mixtilingüe “*Er-mua Eguna (Ubi patria?)*”, contra a barbarie terrorista, e mais a autotradución ao galego

Rosalía, Curros, Lorca, Cabanillas ou Celso Emilio Ferreiro por unha parte e con Blas de Otero, Meabe, Celaya ou Aresti por outra, fóra de engadir un minucioso repaso polas súas estadías en Galicia, salientando o contacto que mantivo con escritores galegos e clarexando os vieiros polos que tematica e estilisticamente San Juan optou.

Obra de título afortunado –fainos pensar nos poemas de galegos de Lorca ou nos de Valente–, con versos na mellor das tradicións da poesía civil, cargados de significado e de alto valor poético. Un



mais *Nunca durmo*, de Erik Cachuzo, 2003), tendo sido representados textos seus tamén por Patatín & Patatán Superproductions (*Trafic: arroz mubi*, 2004 e *¡Triunfadores!*, 2005).

*Limpeza de sangue* é o título co que obtivo no 2005 o Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, unha obra, digámolo xa, ben literaria tanto na súa concepción verbal coma no xogo estrutural, sen por iso perder, xaora, rexistros interpretativos que fan dela unha peza de dramaturxia posible aínda que de seguro complexa.

Sorprende gratamente en Ruibal o manexo da di-

Por d e - mais, Ruibal non agocha a chiscadela de ollo cómplice aos grandes; velaí, poño por caso, o revelador e descrido diálogo entre o celador e o home do servizo de limpeza hospitalaria, modernos sepultureiros de ascendencia shakespeareana, ou as moitas pasaxes peripatéticas porfilladas polo esperpéntico valleinclanesco.

O resultado é un texto con anotacións escénicas dunha prosa dúctil, plástica ata o extremo, onde a verba transparente e comunica



d u n soneto de Gerard de Nerval titulado “Epitafio”.

A presente edición enriquecese, ademais, coa inclusión dun clarificador prólogo que debemos á man de Xesús Rábade Paredes baixo o título de “Gregorio San Juan na poesía galega de posguerra”; nel, o galardado co premio Blanco Amor neste mesmo ano, debulla con contención e criterio avaliativo a presenza do autor na historia das nosas letras, salientando, a pouca atención crítica que se lle prestou, alén das influencias máis destacables que a súa poesía galega amosa con

GREGORIO SAN JUAN, *Trece poemas galegos e outras páxinas*, Hipocampo Amigo, Pontevedra, 2006, 72 páxinas.

Desde o Renacemento os tratadistas trazaron unha nítida fronteira entre o diseno e a cor, entre a pintura entendida como hexemonía da liña e a que prefería a construción pictórica elaborada desde a mancha cromática, prescindindo ou limitando ao mínimo o papel do debuxo. Estas tomas de postura están na orixe do enfrontamento entre o modelo florentino e o veneciano, unha disputa que foi durante moito tempo o campo para o debate estético, mais tamén para o asentamento de toda unha tradición, da que Miguel Anxo e Tiziano foron modelos permanentes.

imprescindíbel para a elaboración, na que o azar ten tamén un papel sobranceiro. Na súa obra, xa que logo, a cor acaba por modular as súas tonalidades sen mestura, de xeito que consegue que cada unha das



cores fale en toda a súa potencialidade lírica.

Naturalmente, a cor xoga sobre un determinado soporte, e este territorio creado entre o pigmento e o lenzo é o territorio da

luz, da refracción, da tonalidade, mais tamén o territorio da alusión, da evocación, do lirismo e da suxestión, que acaba por configurar un persoal mundo interior que a pintora transmite en toda a súa plenitude.

Sobre todo interesada na captación dos ritmos, a pintora leva adiante un proceso de deconstrución da cor, non nun sentido xeometrante senón baseado en ritmos máis sutís, como se se tratar dunha rima interna, por

usarmos un termo poético que lle acae moi ben ao sentido profundo da pintura de Menca Estévez que ten moito de expresión da forza non retida, en expansión e aberta na súa instantaneidade, mais sen caer nun automatismo extremo. É unha pintura que consegue crear un ambiente que provoca unha intensa señardade, produce a sensación dunha temporalidade



FOTOS: ELI REGUEIRA

Estas tendencias formais pódense rastrexar até a nosa contemporaneidade na que boa parte da pintura abstracta parte da hexemonía da cor, tendo como alicerce a mancha, a cor ligada ás pulsións, causa e consecuencia da mesma.

A pintora Menca Estévez, que expón desde o 4 de maio e até o 16 de xuño na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela unha escolma da súa obra máis recente co título de *Itínere*, sitúase sutilmente nesta segunda liña xa que é unha artista moi interesada na investigación sobre a cor e a percepción visual, experimentando coa luz e os reflexos. A súa obra debe ser inserida no ronsel desta tradición, sendo para ela a cor non apenas un instrumento para expresión, o que sería de seu xa ben ilustrativo, senón a expresión mesma, de aí que a artista prefira traballar coa pureza da cor, modulando as tonalidades e xogando co movemento como axente creador, cómplice

### Os mundos suxeridos de Menca Estévez

✿ CARLOS L. BERNÁRDEZ

# Cores de *Itínere*

A pintura máis recente de Menca Estévez é, pois, afirmación do cromatismo como construtor do espazo, afirmación ao tempo das súas calidades vivaces e vitalistas en tempos de revisión e reformulación do papel da pintura e da creación na sociedade. Unha aposta, xa que logo, en positivo pola súa vivencia, capacidade e valor social.

Nacida en Vigo en 1969 e formada e licenciada na Facultade de Belas Artes da

Universidade de Salamanca (1988-1993), a artista ten xa unha traxectoria que está a ser progresivamente valorada, como

## A artista

o demostra a súa participación en múltiples colectivas e individuais, entre as que cómpre salientar as celebradas na Casa das Artes de Vigo en 2003, so o título de *Eter*

*Terra*, e a realizada na tamén viguesa Galería María Prego o ano pasado e que presentou baixo o título de *Recipientes*.

O seu traballo tamén ten sido recoñecido en varias ocasións, entre as que podemos salientar o Premio Adquisición, na terceira edición de Arte e Solidariedade, Santiago de Compostela en 2000, Premio Adquisición na III Bienal de Lalín, 1997 ou Premio Adquisición, na segunda edición de Arte e Solidariedade, Vigo, 1995.

paralizada ao tempo que cuestiona os límites entre a realidade e a abstracción.

Contemplando algúns dos cadros da nova serie da nosa artista veume á mente a obra cinematográfica do director polaco Krzysztof Kieslowski, concretamente a súa triloxía das cores: *Azul*, *Branco* e *Vermello*, unha cor para cada historia, para un estado anímico, para unha reflexión sobre os valores sociais ou para unha construción sentimental. Neste sentido os cadros de Menca Estévez, coa súa conformación como episodios e co seu xogo co casual, son exercicios de indagación abertos e, ao tempo, fontes, puntos de partida como para comezar relatos potenciais, como historias en cores puras que os espectadores podemos completar, construír. Mundos suxeridos pero non dirixidos, historias por nacer coas que a pintora nos agasalla para que completemos nós a súa traxectoria entre os múltiples vieiros que os cadros nos ofrecen.

## INFANTIL/XUVENIL

## Por amor

Quen dixo que hai amores imposibles? Quen nega que por amor un ser é capaz de deixalo todo e arriscarse coa vestimenta máis estreita, co burato máis pequeno, co lugar máis espiñento ou coa inmensidade da auga? Nada detén ao elefante gordo e gris protagonista de *Sígueme!*, texto escrito por José Campanari, traducido para o galego por Marisa Núñez, ilustrado por Roger Olmos e presentado aos lectores por OQO Editora nun volume certamente interesante, onde se combina de forma harmónica a temática con aspectos formais e plásticos nunha especie de simbiose positiva e tremendamente enriquecedora para os lectores, sexan estes activos na lectura ou meros oíntes.

Na selva e nunha tarde calorosa prodúcese o frechazo: un elefante gris con lunares morados queda prendado dunha formiga negra con cintura de avés e por ela está disposto a facer calquera cousa e así síguea polo estreito formigueiro, por un camino longo flanqueado de árbores, polo fondo dun cesto cheo de agullas, fíos e tesoiras, por unha botella de auga e, por fin, alí no interior dun caracol mariño consegue vivir unha normal historia de amor.

## Exercicio de surrealismo

MARÍA NAVARRO



Adentrarse na "historia de amor que non ten nada de raro" supón para o lector un extraordinario exercicio de surrealismo: os personaxes -un elefante e unha formiga- protagonizan unha aventura que é quen de cambiar as relacións entre determinados seres vivos e

amosar que é posible o imposible, que a loita paga a pena e que non hai paso estreito que non se poida atravesar. E é que se en clave de fantasía asistimos a todo un recital de imaxinación, a nivel de interpretación varios son os valores aos que pode facer referencia o texto e que non pasan desapercibidos para o lector, porque non só as palabras, senón tamén a disposición tipográfica no papel e as ilustracións alíanse para sabiamente guiar a recepción da historia e que ademais o autor asegura con fórmulas recorrentes que intercala en cada actuación decisiva do protagonista, reiteracións que serven de fio condutor á persecución. O humor, presente tamén na historia, vén da man de asociación inusuais, de relacións que, en principio, non son posibles e do xogo de imaxes que, a miúdo establece cos sentimentos e que dan como resultado unha historia divertida, entrañable e tenra.

CAMPANARI, José, *Sígueme!* (ilustr. Roger Olmos; trad. Marisa Núñez), OQO Ed., Pontevedra, 2007, páxinas.

## Retorno dun clásico

Hai xa doce anos dende a primeira edición de *Cartas de inverno*, e de segu-ro que nese intre Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), arquicoñecido escritor, autor dun número considerable de obras en lingua galega, traducidas a moitas outras linguas, e merecedor de moitos dos máis prestixiosos premios literarios, Merlín, 1998; Raíña Lupa, 1998; Lista de Honra do IBBY, 1992; Lazari-llo, 1990 ou Lista de Honra do IBBY, 1992, non agardaba o éxito desta novela considerada pola crítica unha das obras clásicas do xénero de terror, gañadora do Premio Rañolas en 1995, e que agora, con motivo da súa vixésima edición, vén de ser actualizada polo propio autor quen tamén inclúe un epílogo.

*Cartas de inverno* contén todos os ingredientes que fan triunfar unha novela de terror, tales como a referencia a seres vinculados ao alén, e mesmo ao ultramundo mitolóxico galego, a creación dunha sensación misteriosa, de inqueda e desasosiego, a introdución de recursos cinematográficos e a conxunción de elementos reais á beira doutros de natureza increíble ligados dende as súas orixes ao xénero de terror. Estas compoñentes atrapan e engaiolan os lectores apaixonados desta caste de obras. Estes precisan atopar na

## Con todos os ingredientes

PAULA FERNÁNDEZ



obra unha sensación de verosimilitude que lles faga vivir a obra con maior intensidade, algo conseguido gra-

zas ao emprego de personaxes actuais, Adrián e Xabier, que se comunican por carta, e por este medio será que Adrián comunique ao seu amigo a compra da casa arredor da cal se artellará toda a trama. Unha casa froito dun estraño aínda que real anuncio publicado neste mesmo xornal en 1993 que será o espazo idóneo para ambientar a novela e o lugar onde finalmente se producirá a traxedia.

Unha obra chea de alusións ás artes plásticas e literarias, grazas ás profesións de Xabier e Adrián, escritor e pintor respectivamente, que bebe das fontes de Howard Phillips Lovecraft autor de libros de terror creador tamén dunha impresionante e conmovedora cosmogonía arredor de Cthulhu e outros deuses terribles, e á que grazas á proliferación de voces narrativas, sen dúbida o maior acerto da novela, xurdidas, tal e como o mesmo autor define en comparanza cunha boneca matrioska, unhas das outras dentro dunha estrutura ben deliñada e nada fortuita, podemos hoxe, avalados pola resposta da crítica e dos lectores, considerar *Cartas de inverno* unha das obras máis salientables dentro da literatura galega, nesa etapa límite que separa a adolescencia da idade adulta.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *Cartas de invierno*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 133 páxinas.

## ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

## Diario do impostor

Carson McCullers

Edicións Xerais. 390 páxinas

Onofre García é un rapaz que se resiste a deixar de ser adolescente. Traballa nunha empresa de informática e un día, intentando im-

presionar a unha moza, asegura que é director de cine. O incidente provoca un cambio radical na súa vida, porque a moza resulta ser produtora cinematográfica e Onofre recibe unha oferta para dirixir unha película. Sen pensalo dúas veces, acepta e comeza a vivir como un impostor, tratando de aprender, en directo, os segredos da pantalla. *Diario do impostor* é unha novela trepidante que oscila entre a intriga e a comicidade, e ofrece un repaso do mundo do cine e a grabación dende os ollos dun neófito.



## O homiño valente

Hans Traxler

Edicións Xerais. 74 páxinas

"Un homiño no verán, topou unha esponxa a man. Cando ninguén o miraba, premeu a ver que pasaba". Con este xesto tan espontáneo comeza a estraña e sorprendente historia que lle aconteceu un día a un homiño moi valente. A partir de aí, orixínase unha disparatada aventura chea de insospei-

tados acontecementos. *A aventura sorprendente dun homiño moi valente* é, sen dúbida, un conto moi singular cun ritmo fascinante. Ademais, é un libro ideado desde unha grande capacidade imaxinativa, que ás veces vota man das cousas máis absurdas para sorprendernos e divertirnos.




## Bergondo

Antonio Placer

Espiral Maior. 238 páxinas

Músico, poeta e compositor, de raíces bergondesas e coruñesas, Antonio Placer vive dende hai anos exiliado en Francia e é autor de sete discos individuais que converten a súa obra musical nun importante punto de referencia na música de cantautor europea. O presente volume ofrece, en edición

trilingüe (galego-español-francés) unha mostra da súa obra poética, intimamente asociada á súa rica e variada expresión musical, e a ese pacto radical que o autor ten coa vida: o fundamento verdadeiro, a razón irrenunciable. O volume vai acompañado do disco *Bergondo*, con cancións do cantautor.



## Ningún bico para mamá

Tomi Ungerer

Edicións Xerais. 64 páxinas

A Toni Pouta, o pequeno gato protagonista deste conto, non lle gustan os bicos, máis mamá Pouta non o entende. Ela trátao coma se aínda fose un bebé e Toni non o atura, pois el é o gato máis fedello da súa clase, a quen máis lle gustan as bromas pesadas e quen nunca rexeita unha boa liorta cos compañeiros de clase. Mais un

día todo cambia e, aínda que non haberá bico para mamá, si obterá algo moito máis importante. Tomi Ungerer, o autor, foi galardoado con moitos premios, pero en 1998 recibiu en recoñecemento de toda a súa obra o Premio Hans Christian Andersen á ilustración, o galardón máis importante da literatura infantil.



Afortunadamente, hai unha alternativa. Sempre xorde alguén que escolle saír do vieiro marcado pola pauta oficial, xa sexa esta pauta directora dunha corrente maioritaria ou incluso cando tan só rexe o camiño dun xeito de facer minoritario. Pois ben; se alguén foxe do politicamente correcto, do agardábel, do que os correspondentes ouvidos bempensan-

disco que, unha primeira e superficial escoita, vai levar sen remedio até o saco sen fondo da world music, mais que agacha innumerábeis pérolas, matices, sons e ritmos que deixan enxergar moitas máis influencias, e moito máis fondas. Deste xeito, e sen saír dun guión, dun preconcepto claro e ben marcado de espaxer a sonoridade máis de noso, a cantante leva os rit-

jazz, coa música africana, coa electrónica, que xa viña sendo a referencia senlleira da produción anterior da Peón. E desta volta a cantante coruñesa –e tamén gaiteira, malia non coller o instrumento na presentación do disco para ningunha destas novas cancións– volve percorrer ese camiño alternativo, na procura dunha sonoridade que é intencionadamente inconfundíbel,

sendo paseniñamente mais sen remedio aparente; de termos que sinalar algunha eiva en *Sihá* pode vir precisamente derivada dese desexo de perfilar un son de seu, de continuar a liña marcada que remata por trocar a alternativa nun novo dlixé. O uso de retrosos xa coñecidos, o gusto polas versións, polas revisións, incluso o escaso número de temas do disco deixan un pouso que apunta timidamente cara ao esgotamento, cara á falta de frescura.

Porén, na estrea do disco o pasado 14 de abril no Teatro García Barbón de Vigo, o traballo agradou e decepcionou case que a partes iguais, algo que de certo sabe de antemán alguén que arrisca tanto na súa proposta, mais as críticas non ían na dirección indicada no parágrafo anterior, senón que precisamente incidían no exceso de riscos, na dificultade de inserir as polifonías no directo, presentes no tema “Aiché”, no consecuente abuso da táboa de efectos, nos xogos vogais que apenas deixan oco para o lucimento da súa extraordinaria voz e tamén cara a unha falta de conxunción entre os membros da banda, normal de pensarmos que se trataba da estrea tamén da nova formación que arroupa a Mercedes. Xa que logo, e aínda que semelle incoherente, pódese dicir que

a Peón acertou, pois volveu desconcertar, volveu sorprender, malia eses síntomas de esgotamento antes sinalados.

*Sihá*, máis Mercedes Peón, unha muller posuidora dun grande recoñecemento alén das nosas fronteiras, cun 80% das súas vendas fóra da Galiza, con premios de prestixio no panorama folc europeo, pero que ademais ten tripado moita corredoira na procura da esencia da súa música, que escorrenta as multinacionais cando van ao seu carón pois sabe que non está feita para elas, que se fixo famosa no “Luar”, que ten tantas facianas, tantas arestas, que non deixa ningunha indiferente e que segue a viaxar polo seu vieiro, sen agardar nada en troques.

## Sete Saias

Nos derradeiros días do 2006, saía á venda o primeiro traballo discográfico de Sete Saias, un disco homónimo producido por Pai-Music, que veu achegar unhas sonoridades ultimamente esquecidas na música galega. Dúas harpas tocadas con mestría que percorren temas tradicionais e de composición propia, chegando a pór música a poemas de Cunqueiro e Avilés de Taramancos, e que contan no disco cun monllo de boas colaboracións que exceden o musical: Romaní, autor dalgún tema e dos arranxos, Budiño, capa do disco a cargo do pintor Xavier Magalhães, que permiten a Clara Pino e Marta Quintana asinar unha estrea moito máis que digna e colocarse nun lugar sobranceiro do panorama do folc galego do século XXI. O dúo naceu no seo do Conservatorio de Música Tradicional da Escola de Artes e Oficios de Vigo, mais as súas compoñentes xa tiñan pertencido a outras formacións e corais antes de ingresar neste conservatorio onde decidiron principiar este novo proxecto que nos deixa este pequena alfaia, un disco que funde a tradición coa dozura e o acougo do son das harpas, mais que non cae na monotonía e na repetición das que, de cando en vez, adoecen os proxectos musicais que deciden outorgar a este instrumento moito protagonismo na súa proposta. Polo de agora semella que haberá que se conformar con gozar coa música do disco e mais o vídeo que anda pola rede, no youtube, pois non hai información de novos concertos despois dos que Sete Saias deron para presentar o seu traballo, mais de seguro que este verán, Clara Pino e Marta Quintana van ser dúas das protagonistas dos escenarios dos festivais coa dozura das súas sete saias.



# Sihá, Sihá

tes queren escoitar, esa persoa é sen dúbida Mercedes Peón.

A coruñesa está a presentar estes días o que é o seu terceiro traballo, *Sihá*, (DiscMedi, 2007), -non lles esqueza pronunciar co hache calado-, traballo gravado case na súa totalidade no estudo que a cantante ten na súa propia casa. Despois de *Isúe*, (Resistencia, 2000) e *Ajrú*, (DiscMedi, 2003), Mercedes recunha cun

### Alternativa Peón

DANIEL LAVESEDO

mos ternarios das pandeiretas, que ela sabe coma ninguén tornar abafantes e por veces desacougantes e chamánicos, cara a un envurullo sonoro coa música

marca da casa. Continuidade que vén marcada non só pola sonoridade, polas influencias doutras músicas, pola continua exploración dos sons dos trebellos tradicionais, exploración axudada dunha electrónica moi presente en *Sihá*, para nos achegar até os ouvidos a dozura do chifro do afiador, a contundencia do batán, sons que os galegos urbanos, e desgrazadamente mesmo os do rural, imos esque-